

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 3 DE SETEMBRO DE 2024 POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE DEFINITIVA DE SOLICITUDES CONCEDIDAS E DENEGADAS PARA A ORGANIZACIÓN DE OBRADOIROS NO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2024/2025 NO CAMPUS DE PONTEVEDRA

De acordo coa base 8.3 da resolución reitoral do 17 de xuño de 2024 pola que se convocan as axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no primeiro cuadrimestre do curso académico 2024/2025, e rematado o prazo de alegacións á resolución provisional de solicitudes concedidas e denegadas, esta reitoría

### RESOLVE:

Aprobar a publicación da listaxe definitiva das solicitudes concedidas e denegadas para a organización de obradoiros no primeiro cuadrimestre do curso 2024/2025 no campus de Pontevedra (Anexo).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor  
Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



Anexo  
**OBRADOIROS NO PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2024/2025**

**Solicitudes concedidas definitivamente – Campus Pontevedra**

Nome e apelidos	Obradoiro proposto	Duración obradoiro (horas)	Nº de estudantes ofertado	Total ingresos e gastos	Importe solicitado á UVIGO
Adrián Melón Raña	Identificación de cogomelos nivel I	30	16	1.500	1.500
Águeda Gutiérrez Sánchez	Iniciación á Escalada en Rocódromo	21	12	1.500	1.500
Marcos Alberto Covelo Pérez	Obxectos 3D en Tufting	22	10	1.500	1.500
Javier Abuín Penas	Social Ads: publicidade en redes sociais (Meta e Tik Tok)	20	10	1.500	1.500
Iria Vázquez López	Verse outra vez, ao revés tamén funcional. Creatividade, Xogo e Transformación Social	30	10	1.500	1.500
Mª Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes	Reciclando papel e arxila	30	12	1.500	1.500
José Ángel Zabala Maté	Taller de reparación de libros	32	10	900	900

**Solicitudes denegadas definitivamente – Campus Pontevedra**

Nome e apelidos	Obradoiro proposto	Duración obradoiro (horas)	Nº de estudantes ofertado	Total ingresos e gastos	Motivo exclusión
Mauro Rivas Ferreiro	Identificación de cogomelos nivel II	30	10	1.500	(1)
Javier Abuín Penas	Intelixencia Artificial Xenerativa para creadores de contidos	21	10	1.500	(1)

**MOTIVOS EXCLUSIÓN:**

- (1) Entre as propostas do seu ámbito foron concedidas outras que acadaron mellores criterios de avaliación.

